

## **HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO**

### **I. Composición histórica: La revolución industrial (6 puntos)**

A partir de los siguientes documentos explica brevemente las características básicas de la revolución industrial y sus efectos sociales. No se trata de que resumas los documentos, ni de que analices aisladamente cada uno de ellos, sino de que elabores un comentario personal teniéndolos en cuenta y completes esa información con otros datos que conozcas.

**Documento 1.** La evolución experimentada por la industria del algodón según exponía R. Gueston en 1823:

“Resulta curioso cómo en los comienzos de la industria algodonera todas las operaciones, desde el tratamiento inicial de la materia prima hasta la salida como tejido, se hacen en la casa del tejedor. En un segundo periodo, con las mejoras tecnológicas, la práctica era la de producir los hilados en la fábrica y tejerlos en el domicilio. Hoy, cuando la industria ha alcanzado la madurez, todas las operaciones, que ponen en juego medios mucho más complejos y amplios, se desenvuelven en un solo edificio... Los amplios edificios de ladrillo que se encuentran en la proximidad de las grandes ciudades industriales en el sur de Lancashire y que se elevan hasta los 20 o 25 metros, que llaman la atención y excitan la curiosidad del viajero, efectúan, hoy en día, trabajos de los que se encargarían, en otros tiempos, pueblos enteros... En las fábricas movidas por vapor, se carda el algodón, se bobina, se hilaba y se transforma en tejido, y basta una fábrica sola para producir tanta cantidad de metros para lo que antes se precisaba la mano de obra de toda la región...”

J. González Salcedo y G. Ramírez Aledón, *Historia del mundo contemporáneo a través de sus documentos*, Barcelona, Ed. Teide, 1985, p.18.

**Documento 2.** La visión marxista de algunos efectos de la revolución industrial (1848):

“La industria moderna convirtió el pequeño taller del maestro patriarcal en la gran fábrica del capitalista industrial. Masas de obreros, apiñadas en fábricas, son organizadas a la manera militar. Como soldados rasos de la industria son puestos bajo la supervisión de una jerarquía completa de suboficiales y oficiales. No sólo son los siervos de la clase burguesa, del estado burgués, sino también, a diario y a todas horas, son siervos de la máquina, del capataz, y, sobre todo, de cada uno de los propios burgueses fabricantes. Este despotismo es tanto más mezquino, más odioso, más exasperante, cuanto más abiertamente proclama el lucro como su fin.

Cuanta menos habilidad y fuerza exige el trabajo manual, es decir, cuanto más se desenvuelve la industria moderna, tanto más es suplantado el trabajo de los hombres por el de las mujeres. Diferencias de sexo y de edad ya no tienen significado social para la clase obrera”.

K. Marx, *O manifiesto comunista*, Vigo, Ed. Xerais, 2005, pp. 19-20.

**II. Preguntas: (responder únicamente a 2 preguntas: calificación máxima 2 puntos cada una)**

1. Los imperios coloniales de Francia y Reino Unido: configuración e intereses estratégicos.
2. Orígenes de la I Guerra Mundial: causas y países enfrentados
3. Los inicios de la revolución rusa
4. Crisis económica, globalización y desigualdades en el mundo actual.

## **HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO**

### **I. Composición histórica: A revolución industrial (6 puntos)**

A partir dos seguintes documentos explica brevemente as características básicas da revolución industrial e os seus efectos sociais. Non se trata de que resumas os documentos, nin que analices illadamente cada un deles, senón de que elabores un comentario personal ténndoos en conta e completes esa información con outros datos que coñezas.

**Documento 1.** A evolución experimentada pola industria do algodón segundo expoñía R. Gueston en 1823:

“Resulta curioso como nos comezos da industria algodoeira todas as operacións, desde o tratamento inicial da materia prima ata a saída como tecido, se fan na casa do tecedor. Nun segundo período, coas melloras tecnolóxicas, a práctica era a de producir os fiados na fábrica e tecelos no domicilio. Hoxe, cando a industria acadou a madurez, todas as operacións, que poñen en xogo medios moito máis complexos e amplos, desenvólvense nun único edificio... Os amplos edificios de ladrillo que se atopan na proximidade das grandes cidades industriais no sur de Lancashire e que se elevan ata os 20 ou 25 metros, que chaman a atención e excitan a curiosidade do viaxeiro, efectúan, hoxe en día, traballos dos que se encargarian, noutros tempos, aldeas enteiras... Nas fábricas movidas por vapor, cárdase o algodón, embobínase, fiase e transfórmase en tecido, e abonda unha fábrica soa para producir tanta cantidade de metros para o que antes se precisaba a man de obra de toda a rexión”.

J. González Salcedo y G. Ramírez Aledón, *Historia del mundo contemporáneo a través de sus documentos*, Barcelona, Ed. Teide, 1985, p.18.

**Documento 2.** A visión marxista dalgúns efectos da revolución industrial (1848):

“A industria moderna converteu o pequeno obradoiro do mestre patriarcal na grande fábrica do capitalista industrial. Masas de obreiros, apiñadas en fábricas, son organizadas de xeito militar. Como soldados rasos da industria son postos baixo a supervisión dunha xerarquía completa de suboficiais e oficiais. Non só son os servos da clase burguesa, do estado burgués, senón tamén, a diario e a todas horas, son servos da máquina, do capataz, e, sobre todo, de cada un dos propios burgueses fabricantes. Este despotismo é tanto máis mesquiño, máis odioso, máis exasperante, canto máis abertamente proclama o lucro como o seu fin.

Canta menos habelencia e forza esixe o traballo manual, é dicir, canto máis se desenvolve a industria moderna, tanto máis é suplantado o traballo dos homes polo das mulleres. Diferenzas de sexo e de idade xa non teñen significado social para a clase obreira”.

K. Marx, *O manifesto comunista*, Vigo, Ed. Xerais, 2005, pp. 19-20.

### **II. Preguntas: (responder unicamente a 2 preguntas: cualificación máxima 2 puntos cada unha)**

1. Os imperios coloniais de Francia e do Reino Unido: configuración e intereses estratéxicos
2. Orixes da I Guerra Mundial: causas e países enfrontados
3. Os inicios da revolución rusa
4. Crise económica, globalización e desigualdades no mundo actual